



MODIFICACIÓN ACLARATORIA DA INSTRUCIÓN 3/2018 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, DO 4 DE XUÑO, SOBRE A XESTIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR NO CURSO ESCOLAR 2018-2019

A confusión interpretativa que en varias ocasións produciuse respecto do contido do apartado da instrución, dedicado á “ utilización excepcional de dúas paradas por un mesmo usuario lexítimo “, aconsella precisar de xeito indubidable os seus termos, a fin de ofrecer aos centros educativos e ás familias solicitantes un marco de xestión e un medio procedimental claros e efectivos .

Neste senso, procedese a modificación aclaratoria do apartado 7 da citada Instrución 3/2018, que queda como segue:

“ 7. Utilización excepcional de dúas paradas por un mesmo usuario lexítimo os cambios sociais e económicos experimentados nos últimos tempos comportaron, á súa vez, situacións novas nas familias, ás que, no eido dos recursos educativos complementarios, é imprescindible responder, a fin de non invalidar á súa finalidade orixinaria.

Entre estas novas situacións familiares, cada vez mais numerosas, atópanse as derivadas de incompatibilidades horarias na conciliación da vida laboral e familiar, así como custodias parentais compartidas, en casos de separacións matrimoniais e divorcios.

Co fin de abordar as problemáticas citadas e darlles a resposta administrativa axeitada, está habilitada na aplicación “transporte escolar” a posibilidade excepcional por parte da dirección de cada centro de ensino





con transporte escolar de asignar a un mesmo alumno dúas paradas diferentes das rutas de transporte escolar establecidas ao seu colexio.

A posibilidade excepcional por parte das direccións dos centros educativos de dobre asignación de paradas a un mesmo escolar unicamente poderá producirse cando as paradas solicitadas existan nos itinerarios aos colexios e en ningún caso supoña a creación dunha parada nova nin alteración do deseño da ruta ou rutas afectadas, de tal xeito que a única modificación operada nelas se restrinxa á incorporación do alumno beneficiario mediante a súa asignación á segunda parada solicitada .

Porén, esta dobre asignación de paradas distintas a favor dun mesmo alumno require a previa presentación, por parte das persoas que exercen a titoría e ostentan a garda e custodia do menor transportado, dunha xustificación axeitada das razóns que avalan a necesidade familiar aducida e conseguintemente, esixen a implementación da solución excepcional referida.

Así pois, para poder proceder á asignación de dúas paradas de transporte escolar diferentes a un mesmo alumno, usuario do transporte escolar, é necesario que exista o seguinte:

-1º. Petición formal e expresa, asinada polas persoas titoras do alumno transportado, que ostenten a súa garda e custodia.

-2º. Xustificación acreditativa das situacións familiares e/ou laborais que requiren da asignación excepcional de dúas paradas distintas a un mesmo escolar (sentencia ou convenio regulador, atribuíndo a custodia e garda compartida aos pais, informe ou certificación empresarial ou administrativa acreditativa do horario laboral incompatible de ambas as





dúas persoas titoras do menor ou dunha, no caso das familias monoparentais).

-3º. Compromiso por parte dos peticionarios de utilización continuada, ao longo do curso escolar, das dúas paradas de transporte escolar asignadas, no sentido e do xeito fixado na aplicación de xestión, “transporte escolar”.

4º. Constatación pola dirección do centro escolar da existencia nas rutas establecidas ao colexio da segunda parada solicitada e da dispoñibilidade na ruta da que dita parada forma parte de prazas libres.

Unha vez avaliadas polo centro de ensino as peticións e as xustificacións presentadas, a dirección solicitará a conformidade da xefatura territorial para implementar a dobre asignación de paradas na aplicación “transporte escolar” comunicando, por último tal circunstancia ás familias e as empresas de transporte escolar, adxudicatarias dos servizos. “

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2018

O SECRETARIO XERAL TÉCNICO

Jesús Oitavén Barcala

